



TURISMO
DE
GALICIA

galicia

CONXUNTURA TURÍSTICA EN GALICIA

Datos provinciais

Maio 2025



PROVINCIA DE A CORUÑA

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 25/24	Nº	Var. Int. 25/24	Nº	Var. Int. 25/24	%	Var. Int. 25/24
HOTEIS	187.338	2,0%	316.829	1,6%	1,69	-0,4%	55,34%	0,18
PENSIÓNS	69.326	-7,5%	96.320	-7,2%	1,39	0,4%	41,06%	1,40
ESTAB. HOTELEIROS	256.664	-0,8%	413.149	-0,6%	1,61	0,2%	51,19%	0,93
APTOS. TURÍSTICOS	10.368	1,1%	22.836	-3,0%	2,20	-4,0%	26,80%	0,93
CAMPINGS	11.459	86,8%	20.069	110,5%	1,75	12,7%	17,11%	5,68
TURISMO RURAL	11.899	10,8%	15.716	16,2%	1,32	4,8%	36,20%	7,21
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	33.726	24,3%	58.621	25,8%	1,74	1,2%	-	-
TOTAL	290.390	1,6%	471.770	2,0%	1,62	0,4%	-	-

- Na provincia de A Coruña rexístranse neste mes de maio algo máis de 290 mil viaxeiros aloxados e preto de 472 mil pernoctacións no conxunto da oferta de aloxamento -hoteis, pensións, apartamentos turísticos, cámpings e aloxamentos de turismo rural-, cifras que superan os niveis do mesmo período do pasado ano. En particular, crece o número de noites un 2,0% grazas ao crecemento da cifra de viaxeiros aloxados -do 1,6%- nun contexto de estabilidade da estadía media.
- Con este comportamento A Coruña mantén o comportamento positivo da demanda observado en abril, e tamén en xaneiro e febreiro, coa única excepción do descenso rexistrado en marzo. Son, por tanto, catro meses non consecutivo de dinámica positiva. Neste punto o comportamento de A Coruña mantense na media do conxunto da comunidade.
- Co 46% do total da comunidade A Coruña é a provincia de maior volume e peso da demanda en Galicia neste mes de maio. Ocupa este posto por oitavo mes consecutivo substituíndo a Pontevedra -a provincia de maior peso de xullo a setembro-, consolidando así a distribución observada nos primeiros meses de 2024. Tal circunstancia é propia, en realidade, dos meses de temporada baixa e media.
- O comportamento positivo da demanda na provincia de A Coruña vén como consecuencia dos crecementos observados en tres tipoloxías de aloxamento. En particular, sobe o volume de noites un 2% nos hoteis, un 16% nos aloxamentos de turismo rural e en algo máis do dobre nos cámpings. Descende, en cambio, nos apartamentos turísticos -un 3%- e nas pensións -un 7% neste caso-.
- Neste contexto apréciase que A Coruña é a única provincia con comportamento negativo das pensión e, en paralelo, a única que presenta dinámica positiva no segmento de turismo rural.



- En A Coruña o 88% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 67% nos hoteis e un 21% nas pensións-. O 12% restante repártese entre as tres modalidades extrahoteleiras, cun peso similar entre os apartamentos turísticos –co 4,8% do total-, os cámpings –co 4,3%- e os aloxamentos de turismo rural –co 3,3% neste caso-. Esta distribución é propia dun período de temporada media-baixa e cambia en relación á observada no verán no sentido de que perde peso o segmento non hoteleiro e sobre todo os cámpings. Os hoteis continúan liderando o mercado turístico na provincia absorbindo sete de cada dez noites.
- Con datos do sector hoteleiro obsérvase que o 50% da demanda corresponde ao turismo de ámbito nacional, porcentaxe que inclúe ao mercado interno, dos residentes en Galicia –supón tan só o 15%- e ao receptor nacional, españois que proceden doutras comunidades autónomas –segmento que representa o 35% do total da demanda-. A metade restante corresponde ao turismo internacional, segmento que por vez primeira supera aos dous de orixe nacional.
- Con esta distribución apréciase que en realidade o 85% da demanda na provincia de A Coruña corresponde ao mercado receptor, procedente de fóra de Galicia.
- Neste ámbito concreto apréciase un comportamento variable dos tres grandes segmentos de mercado. Así, neste mes incrementase o turismo de ámbito nacional –nun 4% o interno e nun 3% o que procede do resto do Estado- mais descende o internacional –nun 4% neste caso, circunstancia que acontece por quinta vez de forma consecutiva neste 2025-.
- A Coruña é novamente a provincia con menor peso do mercado interno e, en paralelo, a que presenta maior cuota do mercado internacional. En cambio, e por segunda vez consecutiva nos últimos meses, sitúase como a provincia con menor peso do mercado receptor nacional –o turismo procedente do resto do Estado-, co 35% do total-. Absorbe ademais boa parte do turismo estranxeiro en Galicia –o 54% das noites internacionais computan nesta provincia-.
- No ámbito dos apartamentos turísticos obsérvase un comportamento parello a nivel de mercados. Así, a caída global observada nesta tipoloxía débese ao descenso dos dous grandes segmentos de mercado –neste mes cae un 3% tanto o turismo de ámbito nacional coma o internacional-.
- Con 1,6 noites de estadía media a provincia de A Coruña sitúase neste mes no contorno do valor medio do conxunto da comunidade, manténdose estable en relación ao dato do pasado ano. Fica por debaixo da cifra rexistrada en Ourense e Pontevedra, superando nunha décima o valor de Lugo.
- Os apartamentos turísticos –con 2,2 noites de media- rexistran os valores máis elevados de toda a oferta de aloxamento. As restantes modalidades fican por debaixo das dúas noites –con 1,7 noites os hoteis e os cámpings, 1,4 noites as pensións e 1,3 noites os aloxamentos de turismo rural-.
- En termos comparativos os cámpings e os aloxamentos de turismo rural da provincia de A Coruña rexistran a cifra de estadía media máis baixa de toda a comunidade.



- En termos de ocupación obsérvase unha evolución algo diferente ao observado do lado da demanda. Así, sobe e mellora a porcentaxe do pasado ano en todas as tipoloxías agás nos hoteis -onde se mantén estable-.
- Os incrementos sitúanse no contorno do punto porcentual nas pensións e nos apartamentos turísticos -xustamente as dúas modalidades que presentan caída da demanda-, achéganse aos seis puntos nos cámpings e superan os sete puntos nos aloxamentos de turismo rural.
- Os hoteis rexistran neste mes a cifra de ocupación máis alta cun 55,3% de media. No lado contrario a porcentaxe máis baixa cae do lado dos cámpings cun 17,1% neste caso.
- Tres modalidades en concreto -os hoteis, os apartamentos turísticos e os aloxamentos de turismo rural- rexistran en A Coruña o nivel de ocupación máis alto de toda Galicia. Acadan tamén unha porcentaxe elevada na provincia, en paralelo ao observado en Lugo e Pontevedra, as pensións e os cámpings.



PROVINCIA DE LUGO

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 25/24	Nº	Var. Int. 25/24	Nº	Var. Int. 25/24	%	Var. Int. 25/24
HOTEIS	56.331	7,8%	92.594	11,0%	1,64	3,0%	46,72%	2,21
PENSIÓNS	41.215	17,5%	52.296	19,4%	1,27	1,6%	41,04%	3,76
ESTAB. HOTELEIROS	97.546	11,7%	144.890	13,9%	1,49	2,0%	44,50%	2,78
APTOS. TURÍSTICOS	5.323	-2,6%	9.056	-32,0%	1,70	-30,1%	12,09%	-9,22
TURISMO RURAL	4.469	-15,7%	7.035	-8,8%	1,57	8,1%	15,91%	-1,29
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	9.792	-9,0%	16.091	-23,5%	1,64	-15,9%	-	-
TOTAL	107.338	9,4%	160.981	8,6%	1,50	-0,7%	-	-

- O INE non ofrece datos de cámpings para a provincia de Lugo. Neste caso o balance global da demanda turística realízase sobre as catro tipoloxías restantes: hoteis, pensións, apartamentos turísticos e establecementos de turismo rural.
- En Lugo rexístranse neste mes de maio algo máis de 107 mil viaxeiros aloxados e preto de 161 mil pernoctacións no conxunto da oferta de aloxamento considerada, cifras que presentan unha variación similar en relación ao pasado ano. En particular, increméntase o número de noites un 8,6% como consecuencia dun crecemento parello da cifra de viaxeiros aloxados, do 9,4%, nun contexto de estabilidade da estadía media.
- Neste sentido Lugo sitúase como a provincia de mellor comportamento en termos relativos neste quinto mes de 2025, mellorando en seis puntos a media do conxunto da comunidade.
- O 90% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 58% nos hoteis e un 32% nas pensións-. O 10% restante corresponde ao ámbito non hoteleiro no que destacan levemente os apartamentos turísticos pois absorben o 6% do total –cun peso próximo aos aloxamentos de turismo rural-. Esta distribución cambia en relación á observada nos últimos catro meses, reforzándose o peso do segmento hoteleiro e sobre todo das pensións –que absorben un terzo da demanda turística global-.
- O bo comportamento da demanda turística na provincia de Lugo vén como consecuencia dos crecementos observados no ámbito hoteleiro. Así sobe o volume de noites nos hoteis –nun 11%- e nas pensións –nun 19% neste caso-. Descende, en cambio, no segmento



non hoteleiro -un 9% nos aloxamentos de turismo rural e un 32% nos apartamentos turísticos-. Contrata esta última caída co observado nas restantes provincias.

- Neste sentido Lugo é a provincia con mellor comportamento relativo da demanda nos hoteis -presenta a taxa de crecementos máis alta de toda Galicia- e, en paralelo, a de peor comportamento nos apartamentos turísticos -co descenso de maior intensidade-.
- Con datos do sector hoteleiro -que presenta unha dinámica global positiva- apréciase neste mes un comportamento parello da demanda segundo a procedencia. Neste sentido increméntase o turismo dos residentes en Galicia -nun 21% en particular- así como o receptor, o que provén de fóra da comunidade -nun 14% aquel de orixe nacional e nun 10% o internacional-. Neste sentido Lugo é a provincia de mellor comportamento do turismo de ámbito nacional dentro de Galicia, coas subas máis destacada tanto do interno coma do que procede do resto do Estado.
- As diferenzas de intensidade no crecemento dos diferentes mercados leva a cambios na estrutura da demanda en Lugo en relación ao pasado ano, gañando peso o turismo interno -en algo máis dun punto porcentual-, manténdose estable o do resto do Estado e perdendo en paralelo o internacional -en algo máis dun punto neste caso-.
- Por segunda vez consecutiva neste ano o mercado receptor nacional sitúase como o segmento de maior volume e peso na provincia, absorbendo o 41% do total das noites hoteleiras. O interno supón o 23% -segmento que nos primeiros tres meses lideraba o mercado turístico na provincia- ficando o 37% restante para o internacional.
- No ámbito dos apartamentos turísticos obsérvase unha dinámica parella dos dous grandes segmentos de mercado. Así descende neste punto o turismo de ámbito nacional -nun 35%- e o internacional -nun 22% neste caso-.
- A estadía media en Lugo mantense estable en relación ao pasado ano para ficar en 1,5 noites. Neste sentido, e por segunda vez consecutiva agora en 2025, presenta o valor máis baixo de toda Galicia.
- Con 1,7 noites de media os apartamentos turísticos rexistran a cifra máis alta da oferta de aloxamento na provincia. A pouca distancia sitúanse as restantes tres modalidades -con 1,6 noites os hoteis e os aloxamentos de turismo rural, e 1,3 noites as pensións-. Os hoteis e os apartamentos turísticos -estes últimos con notable diferenza- marcan en Lugo o valor da estadía media máis baixo de todas as provincias neste mes de maio.
- En termos de ocupación obsérvase un comportamento parello ao observado do lado da demanda. Así, increméntase no ámbito hoteleiro -en algo máis de dous puntos nos hoteis e en case catro puntos nas pensións- e descende, en cambio, no segmento non hoteleiro -en nove puntos nos apartamentos turísticos e en algo máis dun punto nos aloxamentos de turismo rural-.
- Os hoteis marcan a porcentaxe de ocupación máis alta neste quinto mes do ano, cun 46,7% de media. Cun valor parello, o 41,0%, sitúanse as pensións. No lado contrario a cifra máis baixa queda nos apartamentos turísticos, cun 12,1% neste caso. En termos comparativos Lugo presenta a porcentaxe de ocupación nos apartamentos turísticos máis baixa de toda Galicia.



PROVINCIA DE OURENSE

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 25/24	Nº	Var. Int. 25/24	Nº	Var. Int. 25/24	%	Var. Int. 25/24
HOTEIS	26.156	-4,1%	51.653	-8,6%	1,97	-4,8%	39,12%	-2,52
PENSIÓNS	5.831	25,3%	9.077	0,3%	1,56	-19,9%	18,29%	1,09
ESTAB. HOTELEIROS	31.987	0,2%	60.730	-7,4%	1,90	-7,6%	33,45%	-1,38
APTOS. TURÍSTICOS	988	18,2%	2.303	13,4%	2,33	-4,1%	17,90%	-0,76
TURISMO RURAL	1.964	-26,1%	3.529	-19,5%	1,80	8,9%	14,44%	-2,67
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	2.952	-15,5%	5.832	-9,1%	1,98	7,5%	-	-
TOTAL	34.939	-1,3%	66.562	-7,5%	1,91	-6,3%	-	-

- O INE non ofrece tampouco datos de cámpings para a provincia de Ourense. Neste caso o balance global da demanda turística realízase sobre as catro tipoloxías restantes: hoteis, pensións, apartamentos turísticos e aloxamentos de turismo rural.
- Ourense presenta neste mes un comportamento negativo da demanda turística. Neste sentido, o volume de noites cae un 7,5% como consecuencia da combinación de dous factores: descenso da cifra de viaxeiros aloxados, do 1,3%, así como da estadía media, do 6,3% neste caso. Con isto Ourense rexistra o peor comportamento da demanda en toda Galicia -a única con caída en termos interanuais-.
- Con 35 mil viaxeiros aloxados e máis de 66 mil noites Ourense absorbe o 6,5% do total da demanda de Galicia. Neste sentido é a provincia de menor volume e peso neste mes de maio, cunha porcentaxe inferior á dos últimos tres meses mais en todo caso superior á observada no verán pasado -cando representaba menos do 5% do total-.
- En Ourense o 91% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro -un 78% nos hoteis e un 13% nas pensións-. O 9% restante corresponde ao segmento extrahoteleiro, cun peso similar para os apartamentos turísticos -absorben o 4% do total- fronte ao segmento de turismo rural -representa o 5% neste caso-. Neste sentido Ourense é a provincia con menor peso dos apartamentos turísticos e, pola contra, maior peso do segmento de turismo rural, a nivel interno. O reparto da demanda entre as diferentes tipoloxías mantense relativamente estable en relación ao observado nos últimos meses, consolidándose o forte peso do segmento hoteleiro -tres de cada catro noites en Ourense corresponden só aos hoteis-.
- En termos dinámicos obsérvase un comportamento variable da demanda a nivel das tipoloxías. Neste sentido increméntase o volume de noites nos apartamentos turísticos -nun 13%- , mantense estable nas pensións e descende tanto nos hoteis -nun 9%- coma nos



aloxamentos de turismo rural -nun 20% neste caso-. Con isto unha modalidade de aloxamento -os hoteis- rexistran en Ourense o peor comportamento de toda Galicia, por canto rexistran a taxa de descenso máis elevada.

- Con datos do sector hoteleiro -que absorbe o 91% da demanda- obsérvase un comportamento dispar dos tres grandes segmentos de mercado. Neste sentido increméntase unicamente o turismo receptor nacional -españóis procedentes doutras comunidades autónomas, nun 5%- e descende tanto o interno, dos residentes en Galicia -nun 15%- coma o internacional -nun 23% neste caso-. Con isto Ourense colócase como a provincia de peorr comportamento relativo do turismo estranxeiro neste quinto mes do ano, co descenso de maior intensidade.
- Con esta dinámica a estrutura do mercado hoteleiro na provincia mantense cun notable peso do turismo de ámbito nacional -co 35% das noites para os residentes en Galicia e co 51% para os que proceden do resto do Estado-, quedando reducido ao 14% o peso do segmento internacional na provincia.
- Dita estrutura cambia en relación ao pasado ano, mellorando o peso do turismo receptor nacional -en seis puntos porcentuais-, e perdendo cuota o interno e o internacional -ambos arredor de tres puntos-.
- No ámbito dos apartamentos turísticos obsérvase un comportamento parello a nivel de mercados. Sobe así o turismo de ámbito nacional -nun 6%- e o internacional -duplicando os niveis de maio de 2024-. O primeiro absorbe o 87% das noites.
- A estadía media en Ourense sitúase en 1,9 noites, cifra que descende en relación ao pasado ano -nun 6% en particular-. Con este dato Ourense marca a cifra máis alta de toda Galicia.
- Este mes aprécianse pequenas diferenzas no valor da estadía media segundo a tipoloxía de aloxamento. Os apartamentos turísticos marcan o valor máis alto, con 2,3 noites, por diante dos hoteis -con 2,0 noites-, aloxamentos de turismo rural -con 1,8 noites- e as pensións -con 1,6 noites neste caso-. En termos comparativos tres tipoloxías de Ourense -os hoteis, as pensións e os apartamentos turísticos- acadan na provincia o valor da estadía media máis elevado de toda Galicia.
- A dinámica dos niveis de ocupación cambia en relación á observada do lado da demanda. Así mellora unicamente nas pensións -nun punto porcentual-, mantense relativamente estable nos apartamentos turísticos e descende tanto nos hoteis coma nos aloxamentos de turismo rural -en máis de dous puntos en ambos casos-.
- Cun 39,1% de media os hoteis rexistran a cifra de ocupación máis elevada da oferta de aloxamento na provincia de Ourense. As restantes tres tipoloxías presentan unha porcentaxe inferior e parella entre elas: do 18,3% as pensións, do 17,9% os apartamentos turísticos e do 14,4% os aloxamentos de turismo rural.
- Os hoteis e sobre todo as pensións rexistran en Ourense o nivel de ocupación máis baixo de toda a comunidade.



PROVINCIA DE PONTEVEDRA

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 25/24	Nº	Var. Int. 25/24	Nº	Var. Int. 25/24	%	Var. Int. 25/24
HOTEIS	146.485	-2,5%	261.808	-1,6%	1,79	0,9%	43,23%	0,08
PENSIÓNS	34.416	116,5%	40.218	58,6%	1,17	-26,7%	39,95%	15,27
ESTAB. HOTELEIROS	180.901	8,9%	302.026	3,7%	1,67	-4,8%	42,76%	2,26
APTOS. TURÍSTICOS	6.117	7,2%	14.950	8,6%	2,44	1,3%	15,24%	0,88
CAMPINGS	5.328	13,0%	10.442	38,0%	1,96	22,2%	16,13%	-11,39
TURISMO RURAL	3.208	-35,6%	5.009	-39,2%	1,56	-5,5%	11,58%	-4,67
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	14.653	-4,9%	30.401	2,8%	2,07	8,1%	-	-
TOTAL	195.554	7,7%	332.427	3,6%	1,70	-3,8%	-	-

- O comportamento global da demanda turística en Pontevedra equivale ao observado en A Coruña e Lugo. Neste sentido increméntase o volume de noites neste quinto mes do ano -nun 4%- nun contexto no que sobe a cifra de viaxeiros aloxados -nunha porcentaxe superior, do 8%- e descende, en cambio, a estadía media. Tal circunstancia leva ao conxunto dos aloxamentos turísticos da provincia a situarse tamén por encima dos niveis de 2019.
- O volume global de demanda sitúase por encima das 330 mil noites, o 32% do total da comunidade. Neste sentido Pontevedra sitúase como a segunda provincia de maior peso en Galicia a bastante distancia de A Coruña -logo de liderar o mercado turístico da comunidade no terceiro trimestre do pasado ano-. Ambas absorben o 78% do total das noites de Galicia -porcentaxe algo superior á dos últimos meses-.
- Increméntase a demanda na provincia como consecuencia do comportamento positivo observado en tres tipoloxías de aloxamento. Así, sobe o número de noites nos apartamentos turísticos -nun 9%-, nos cámpings -nun 38%- e nas pensións -nun 59% neste caso-. Descende, en cambio, nos hoteis -nun 2%- e no segmento de turismo rural -nun 39% neste caso-. Apréciase, por tanto, un comportamento variable en dirección e intensidade nas diferentes modalidades de aloxamento.
- En Pontevedra concéntrase o crecemento de maior intensidade das pensións de toda Galicia e paralelamente a caída de maior notoriedade de toda a comunidade no segmento de turismo rural.



- O 91% da demanda corresponde aos establecementos hoteleiros, cifra que engloba aos hoteis –absorben o 79%- e ás pensións –co 12% neste caso-. O 9% restante queda no segmento extrahoteleiro, con maior peso dos apartamentos turísticos –co 4,5% do total- fronte aos cámpings –co 3,1%- e os aloxamentos de turismo rural –co 1,5% neste caso-.
- Con isto catro de cada cinco noites rexístranse nunha soa modalidade –os hoteis-, de aí que o seu comportamento teña unha notable influencia na dinámica global. En cambio, Pontevedra é a provincia con menor peso das pensións e dos aloxamentos de turismo rural.
- A nivel de mercados, dentro do ámbito hoteleiro, rexístrase un comportamento algo diferente ao observado nas restantes provincias. Neste sentido descende agora en maio o turismo interno, dos residentes en Galicia –nun 16%- e increméntase, en paralelo, o receptor –nun 3% aquel de orixe nacional e nun 20% o internacional-.
- A diferenza de comportamento e intensidade nas variacións da demanda provoca cambios na estrutura da mesma. Así neste mes cae o peso do mercado interno –en case cinco puntos-, mantense estable o do receptor nacional e increméntase o internacional –en algo máis de cinco puntos neste caso-.
- Así, o segmento de maior peso na provincia continúa a ser o receptor nacional –españóis procedentes doutras comunidades autónomas-, que supoñen o 42% do total da demanda hoteleira. O mercado internacional representa o 38% ficando o 20% restante para o interno. En consecuencia neste mes, e por segunda vez consecutiva, o mercado estranxeiro supera ao interno na provincia. Con esta estrutura Pontevedra fica por debaixo de A Coruña en peso do turismo internacional dentro da estrutura da demanda, absorbendo o 30% do total de Galicia.
- No lado dos apartamentos turísticos, segmento no que o turismo nacional supón o 75% do total das noites, o comportamento dos dous segmentos de mercado é dispar. Crece así o turismo de ámbito nacional –nun 23%- e descende, en cambio, o internacional –nun 20% neste caso-.
- A estadía media nos aloxamentos colectivos de Pontevedra sitúase en 1,7 noites, cifra levemente superior á media da comunidade. En termos dinámicos a estadía descende en relación ao pasado ano –nun 4%- así como en comparación co 2019 –nun 16% neste caso-.
- Neste contexto a estadía media varía levemente segundo a modalidade de aloxamento. En particular, supera as dúas noites nos apartamentos turísticos –con 2,4 noites de media-, mantense xustamente nas dúas noites nos cámpings e fica por debaixo desa barreira nas restantes tres modalidades –con 1,8 noites nos hoteis, 1,6 noites nos aloxamentos de turismo rural e 1,2 noites nas pensións.
- Os apartamentos turísticos e os cámpings presentan en Pontevedra a cifra de estadía media máis alta de toda Galicia. As pensións, en cambio, rexistran o valor máis baixo da comunidade con 1,2 noites neste caso.
- En termos de ocupación obsérvase neste mes un comportamento variable e non sempre parello ao rexistrado do lado da demanda. Así, sobe e mellora as cifras do pasado ano claramente nas pensións –en 15 puntos porcentuais- e de forma máis suave nos




apartamentos turísticos -preto dun punto-, mantense estable nos hoteis e descende no segmento de turismo rural -en case cinco puntos- e nos cámpings -en once puntos neste caso-.


- Tamén en Pontevedra os hoteis rexistran o nivel de ocupación máis elevado da oferta colectiva cun 43,2% de media. No lado contrario, a porcentaxe máis baixa sitúase no aloxamento extrahoteleiro, concretamente no segmento de turismo rural -co 11,6% neste caso-.
- En termos comparativos obsérvase que os aloxamentos de turismo rural presentan en Pontevedra a porcentaxe de ocupación máis baixa de todas as provincias.




Reparto da demanda turística nos alox. colectivos. Noites maio 2025



Variación da demanda turística nos alox. colectivos. Noites maio 2025/24



Reparto da demanda por tipoloxías, en cada provincia. Noites maio 2025



Estadía media, por tipoloxía e provincia. Maio 2025

